

MULLERES CON TRASTOS NA CABEZA



MULLERES CON TRASTOS NA CABEZA

ACTIVIDADE DIDÁCTICA PARA INFANTIL E PRIMARIA

NON HAI DISCUSIÓN EN QUE O PESO DO MUNDO, E DA NOSA VIDA DIARIA, RECAEU SEMPRE SOBRE AS CABEZAS DAS MULLERES. TAL E COMO REPRESENTOU ISAAC DÍAZ PARDO NA SÚA ESCULTURA “MULLER CON TRASTOS NA CABEZA” O DÍA A DÍA DE MOITAS MOZAS DE BETANZOS ERA CARGAR SOBRE O SEU CORPO CON GRANDES CANTIDADES DE PESO: AUGA, ALIMENTOS, ROUPA...

QUEREMOS AFONDAR NESTA IMAXE TAN SIMBÓLICA PRESENTANDO ALGÚNS DOS EXEMPLOS QUE TEMOS NO MUSEO DAS MARIÑAS E NO ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS PARA QUE LOGO AS NENAS E OS NENOS POIDAN TRABALLAR A CREATIVIDADE A TRAVÉS DUN DEBUXO LIBRE, NO QUE CARGAR DE COUSAS A CABEZA DESA MULLER IDEADA POR ISAAC.

CO ÚNICO LÍMITE DO PAPEL, ESTAS MOZAS PODERÁN SOPORTAR O PESO DE TODO AQUELES QUE OS MÁIS PEQUENOS IMAXINEN, AO TEMPO QUE INTENTAREMOS QUE SEXAN CONSCIENTES DAS DESIGUALDADES E DOS CAMBIOS NA VIDA COTIÁ DAS MULLERES BETANCEIRAS DO ÚLTIMO SÉCULO.





A LEITEIRA

Que choiva ou que faga frío
que quente o sol a abrasar
tódolos días do ano
a leiteirinha ha de andar.

Por camiños enlameados
míl padeiras a saltar
por pasadoiros brincando
que a cesta fanlle emborcar.

¡Coitadina! Camiñando
sempre adiante sen parar
os traballos debullando
ca vida lle fai pasar.

"Merca no leite" dicindo
e os nenos arredando
"¡balle acelle!" berrando
vaixe a un tempo repetindo.

Chega á vila e nesta porta
sube ata o piso terceiro,
non tódolos parroquianos
están no piso primeiro.

Baixa e sube, sube e baixa
así recorrendo a vila
vai deixando en cada casa
o leite que lles da vida.

Así un día e outro día
e tódotos dos anos
cunha que te cunha
vai a leiteira bregando.



X-1953

A SARDINEIRA

Descalza de pe e perna
Pola ribeira
Vai con moito arrualllo
A sardineira.

Por ruas e camiños
Sempre lixeira
Ofrece a mercancia
Desta maneira.

"¡Alal que vai saltando
Levo sardiña
Coma a miña ningunha
Que está fresquiña

Douna barata
Hoxe ¡así Dios me salve!
E coma prata.

Vou de remate,
E ¡mildita,

¡Al! que rica sardiña
Cabezudiña."

Cos patela do peixe
Sempre Lixeira
Vai por vilas e aldeas
A sardineira.



Rosina
Martín
XII-1980

As mulleres cos trastos na cabeza, tal e como representou Isaac Díaz Pardo na súa escultura, era a maneira máis habitual de ver ás mulleres polas rúas. Mozas que cargaban con todo o peso da vida sobre o seu corpo e que aínda tiñan as mans libres para seguir levando cousas, coidando dos nenos, etc. Hai milleiros de exemplos destas mulleres polas rúas de Betanzos.

Ti serías capaz de subir a costa dos Ferreiros cunha sella chea de auga na cabeza, soportando varios quilos de peso, sen que che caese nin unha gota? Poñémoscho máis sinxelo: dalle a volta á follá e representa á túa muller ca cabeza chea dos trastos que ti queiras.

NOME E DATA DE NACIMENTO:

TÍTULO DO DEBUXO:

